



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de datas 22 e 25 de novembro de 2019, sobre cesamento e nomeamento de persoal eventual que textualmente din o seguinte:

Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Resultando que por Resolución desta Presidencia e con efectividade do día 8 de agosto de 2019, don Javier Cerqueiro González foi nomeado para ocupar un posto de Asesor Nivel III, adscrito á Presidencia, en réxime de persoal eventual.

Tendo en conta que solicitou o cesamento con efectividade do día 21 de novembro de 2019 por ser nomeado Deputado Nacional.

Tendo en conta o sinalado, procede que polo Presidente da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVA:

Que don Javier Cerqueiro González, cese no desempeño das súas funcións como Asesor Nivel III e deixe de prestar servizos a esta Deputación Provincial, con efectividade do día 21 de novembro de 2019, derradeiro día no que preste servizos efectivos con base no nomeamento, efectuado no seu día, como persoal Eventual”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime, RESOLVA:

1.- Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 25 de novembro de 2019 a don Pablo Núñez González como Asesor Nivel III, adscrito á Presidencia.

2.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 3 de decembro de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3700

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 238 de 4 de decembro de 2019, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2019)**.
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constringimento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla, 4 de decembro de 2019.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3701

## BEGONTE

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de data 4 de decembro de 2019, o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2020, as bases de execución e o cadro de persoal ; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, expónse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 4 de decembro de 2019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3702

## CASTROVERDE

#### *Anuncio*

Aprobado definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2020, por acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 5 de novembro de 2019, ao non terse presentadas reclamacións ao mesmo, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

**ESTADO DE INGRESOS**

Capitulo	OPERACIÓNS CORRENTES Denominación	Euros
1	Impostos directos	645.605,13
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Taxas e outros ingresos	347.502,00
4	Transferencias correntes	1.554.375,07
5	Ingresos patrimoniais	10.300,00

**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.607.782,20**

OPERACIONES DE CAPITAL		Euros
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	222.526,87

**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..... 222.526,87**

**TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS..... 2.830.309,07**

**ESTADO DE GASTOS**

OPERACIÓNS Capitulo	CORRENTES Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	819.802,49
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.543.400,00
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	45.060,43

**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.408.262,92**

OPERACIÓNS DE CAPITAL		Euros
6	Investimentos reais.	242.407,75
7	Transferencia de capital	65.400,00

**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..... 307.807,75**

**TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS..... 2.716.070,67**

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal :

**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Secretaría -Intervención	A2	26	O
1	Administrativo	C1	22	VD
1	Administrativo	C1	22	VD
1	Auxiliar administrativo	C2	17	O
1	Auxiliar administrativo	C2	17	O
1	Subalerno	AP	14	O
1	Traballadora Social	A2	24	O
1	Subalerno	AP	14	O
1	Auxiliar de Policía Local	AP	14	O
1	Arquitecto/a ( 38% de xornada)	A1	25	VD

**B) PERSOAL LABORAL FIXO**

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Oficial de Servizos múltiples	C2	16	VD
1	Operario/Limpadora	AP	14	O
2	Operario/Limpadora	AP	14	VDP
1	Peón de Servizo múltiples	AP	14	VDP
1	Encargado/operario de servizos múltiples	AP	14	O

N.C.D.: Nivel Complemento Destino; O: Ocupada; VD: Vacante dotada; VDP: Vacante dotada ocupada provisionalmente.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

Castroverde, 4 de decembro de 2019.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3703

## CERVO

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de novembro de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de outubro de 2019 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do mercado semanal 5º bimestre de 2019 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio. O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 11 de decembro de 2019 ao 13 de febreiro de 2020. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de novembro de 2019.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3704

## FOLGOSO DO COUREL

### Anuncio

De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2018 aprobou inicialmente a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás subvencións nominativas, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2019, no referente ás subvencións nominativas, que queda redactada nos seguintes termos:

#### **“Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións.-**

1.Establécense a seguintes subvencións nominativas de conformidade co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Actividade subvencionable	Importe
323.48	CPI Poeta Uxío Novoneyra Q2768018J	Actividades complementarias e extraescolares 2019	500,00
323.48	Asociación de Pais e Nais de Alumnos G27161249	Actividades 2019	2.500,00
432.48	Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A	Curso de verán “Xornadas micolóxicas” na Estación Científica do Courel	500,00
334.48	Asociación desarrollo rural Serra do Courel G27237494	Proxecto Courel Son 2019.	800,00
334.48	Asociación Xuvenil Buraca das Grellas G-27372655	III Cantos de Taberna do C@urel	180,00 €

(...)”

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgoso do Courel, 4 de decembro de 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R.3723

## LUGO

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO

O Pleno do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2019, adoptou o acordo nº 5/109 polo que se acordou a aprobación inicial do Regulamento de control interno do sector público do Concello de Lugo.

De conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e art. 83 da lei 39/2015, reguladora do procedemento administrativo común, o mesmo someteuse a Información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cuxa publicación tivo lugar o día 4 de outubro de 2019, nº229.

Dado que non se tiveron presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o devandito acordo elévase a definitivo, procedendo á súa publicación, comunicación e notificacións regulamentarias, debendo dar conta ao Pleno da Corporación.

#### “REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO

TÍTULO I.	DISPOSICIÓN XERAIS.
SECCIÓN 1ª.	Aspectos xerais do control.
SECCIÓN 2ª.	Do órgano de control e persoal controlador.
SECCIÓN 3ª.	Do procedemento xeral do control interno.
TITULO II.	DA FUNCIÓN INTERVENTORA
CAPITULO I.	NORMAS XERAIS DA FUNCIÓN INTERVENTORA
CAPITULO II.	DA INTERVENCIÓN NO PROCESO DE GASTOS E PAGOS.
SECCIÓN 1ª.	Da Fiscalización Previa e Intervención Formal e Material
SECCIÓN 2ª.	Da fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa.
SECCIÓN 3ª.	Dos resultados da fiscalización na función interventora.
CAPITULO III.	DOS DOCUMENTOS CONTABLES
CAPITULO IV.	DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA
TITULO III.	DO CONTROL FINANCEIRO
CAPITULO I.	DISPOSICIÓN XERAIS
CAPITULO II.	DO CONTROL PERMANETE.
SECCIÓN 1ª.	DAS MODALIDADES DE CONTROL PERMANENTE.
CAPITULO III.	CAPÍTULO III.- DA AUDITORÍA PÚBLICA.
TITULO IV.	INFORME RESUMEN E PLAN DE ACCIÓN

**REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO****TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.****i. Aspectos xerais do control.****Artigo 1.- Obxecto e ámbitos de aplicación obxectivo e subxectivo**

En virtude do disposto no artigo 1.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o presente Regulamento, ten por obxecto o desenvolvemento das disposicións vixentes en materia de control interno da xestión económico-financieira do Excmo. Concello de Lugo e entes dependentes, que se efectuará nos termos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), no Regulamento Estatal de Réxime Xurídico do Control Interno das entidades do Sector Público Local, noutra normativa de aplicación derivada da Administración do Estado e no presente Regulamento.

O citado control, exercerase sobre o conxunto da actividade financeira das entidades que conforman o Sector Público Municipal e abarcará os actos con contido económico, financeiro, orzamentario, contable e patrimonial que a integran.

- A estes efectos, son entidades do Sector Público Municipal:

- O propio Concello de Lugo.

- Os seus Organismos Autónomos.

- As Entidades Públicas empresariais municipais.

- Os Consorcios e Fundacións adscritos que consoliden co mesmo, a efectos de Estabilidade Orzamentaria.

- As sociedades mercantís existentes e dependentes do Concello.

- Os fondos carentes de personalidade xurídica que se puidesen constituír cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os Orzamentos Xerais do Concello.

- As entidades con ou sen personalidade xurídica distintas ás mencionadas nos apartados anteriores con participación total ou maioritaria do Concello.

**Artigo 2.- Formas de exercicio.**

O Control interno da xestión económico financeira realizarase pola Intervención xeral municipal mediante o exercicio da función interventora, e a función de control financeiro.

- A Función Interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Realizaranse, en definitiva, sobre aqueles actos que teñan repercusión directa e inmediata nalgunha das fases de execución orzamentaria ou que supoñan movementos de fondos públicos.

- O Control Financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público municipal no aspecto económico financeiro, para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control financeiro, que incluírá o control de eficacia referido no artigo 213 do TRLRHL, comprende as seguintes modalidades, que se desenvolverán conforme se determina neste Regulamento:

- Control permanente.

1º. Control previo por disposición directa de lei (actos non suxeitos a fiscalización previa).

2º. Control concomitante.

3º. Control posterior sobre actos en réxime de fiscalización limitada previa.

- Auditoría pública.

1º. Auditoría de contas.

2º. Auditoría de cumprimento.

3º. Auditoría operativa.

- A Intervención xeral exercerá o control sobre as entidades colaboradoras, e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o Sector Público Municipal que se atopen financiadas con cargo aos seus

orxamentos xerais, dacordo ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e na disposición adicional primeira deste Regulamento.

### **Artigo 3.- Alcance do control interno.**

No modelo de control definido neste Regulamento, o órgano de control interno deberá asegurar mediante a utilización conxunta de ambas as formas, función interventora e control financeiro, o control efectivo de polo menos, o 80 por cento do orzamento xeral consolidado do exercicio no que se estea actuando, entendendo que a devandita porcentaxe se refire ao total do importe do orzamento consolidado en gastos, que incluírá todos os entes que figuren no Inventario de Entidades Locais adscritos ao Concello de Lugo e que deban ser obxecto de control conforme a este Regulamento.

En devandita porcentaxe, computará a totalidade do orzamento que se controlou mediante a modalidade de fiscalización limitada previa e control financeiro permanente, tanto previo como posterior.

En materia de ingresos, a porcentaxe de control sobre o total dos ingresos do grupo consolidado, nos termos definidos no primeiro parágrafo deste artigo, deberán alcanzar as porcentaxes que se determinen anualmente no Plan Anual de Control Financeiro que forme a Intervención xeral, cando a función interventora sexa substituída por toma de razón en contabilidade nos termos deste Regulamento.

A determinación das entidades obxecto de control anual, xunto coa función interventora, que se realizará de maneira anual sobre todas as entidades sometidas a elas, concretaranse no Plan Anual de Control Financeiro, conforme se desenvolve no artigo 29 deste Regulamento.

### **Artigo 4.- Principios de exercicio do control interno.**

A Intervención Xeral, no exercicio das súas funcións de control, actuará con total independencia funcional, nun procedemento suxeito a contradición, para o que se lle habilitarán todos os medios necesarios e suficientes, dacordo coas dispoñibilidades do Concello.

Conforme ao artigo 4.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa obxecto do control. A tales efectos, os funcionarios adscritos á Intervención ou que realicen labores de control, tanto na entidade matriz, como nos entes dependentes, terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas, dependendo do titular da Intervención Xeral en cada momento, e axustarán as súas actuacións ás instrucións impartidas ao efecto polo titular mesmo.

Nos casos nos que a responsabilidade da función interventora das entidades adscritas ao Concello, recaese sobre o titular da Intervención Xeral da entidade matriz, igualmente o persoal que, nesas entidades, realice funcións de contabilidade, presupostación e control, dependerán do titular da Intervención Xeral, e axustarán as súas actuacións ás instrucións impartidas ao efecto por este.

Cando a natureza do acto, documento ou expediente o requíra, a Intervención Xeral no exercicio das súas funcións de control interno, poderá solicitar directamente dos distintos servizos, dependencias ou unidades do Concello, os asesoramentos xurídicos e os informes técnicos que considere necesarios, así como os antecedentes e documentos precisos para o exercicio das súas funcións de control interno con independencia do medio que o soporte.

A Intervención xeral terá sempre acceso aos expedientes completos nos que sexa necesario o seu control. O acceso do persoal controlador aos diferentes expedientes, dependerá da proposta que se realice desde a Intervención Xeral, ou do responsable do control interno no seu caso.

A Intervención xeral municipal dará conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes, das comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables. De igual modo, o titular da Intervención Xeral dará conta ao Pleno unha vez ó ano, no primeiro trimestre do ano, dos resultados que pola súa especial transcendencia considere adecuado elevar ao mesmo, e informarlle sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto así como fará expresa mención do grao de cumprimento dos apartados anteriores deste artigo, sen prexuízo do resto de información que conforme a este Regulamento deba remitir ao devandito órgano.

ii. Do órgano de control e persoal controlador.

### **Artigo 5.- Órganos de control. Persoal asignado.**

- Órganos de control.

Corresponde á Intervención xeral o exercicio do control interno dos actos da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, sen prexuízo das delegacións que conforme á normativa vixente poidan realizarse.

Corresponde en todo caso á Intervención xeral, o control financeiro na modalidade de auditoría de todas as entidades que conforman o Sector Público Local definido no artigo 1 deste Regulamento.

- Persoal de control interno.

- A Intervención xeral articularase en dous servizos: o Servizo de Función interventora e Fiscalización Previa e o Servizo de Control Financeiro e Auditoría pública, interconectados pero independentes entre sí.

O titular da Intervención Xeral organizará e dirixirá os servizos destinados ao control interno, propoñendo o persoal que estime máis conveniente para levar a efecto os traballos encomendados por este Regulamento e o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril.

Con carácter xeral, o persoal de Intervención realizará as tarefas de control sobre aqueles expedientes que lle correspondan en función do servizo ou sección onde estean destinados. No entanto, cando a especialidade da materia o requira, a circunstancia o esíxa e o volume de traballo o permita, poderán realizar función interventora ou control financeiro persoal que non estea directamente dedicado a devanditos labores. De igual forma, con carácter xeral, o persoal que realice control permanente posterior sobre un determinado expediente, non será o mesmo que tivera realizado a función interventora.

No Plan Anual de Control Financeiro ao que se refire o artigo 29 deste Regulamento, o Interventor xeral poderá propor para os traballadores responsables do control financeiro e da fiscalización interna, un plan de formación específico e adaptado ás súas necesidades, que obrigatoriamente deberán cursar. Igualmente levarán a cabo as actividades de aprendizaxe continua e necesaria para asegurar un nivel adecuado de coñecementos que lles permitan desenvolver o seu traballo nas mellores condicións posibles. O Concello proporcionará os medios económicos e orzamentarios necesarios para iso.

#### **Artigo 6.- Deberes do persoal controlador.**

Os funcionarios que exerzan a función interventora ou realicen o control financeiro, ou quen colaboren no exercicio de devanditas funcións adscritos á Intervención nas súas diferentes entidades dependentes, deberán gardar o debido sxiilo con relación aos asuntos que coñezan no desempeño das súas funcións.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio de control interno só poderán utilizarse para os fins asignados ao mesmo e, no seu caso, para formular a correspondente denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal.

Cando na práctica dun control, o Interventor ou o persoal da Intervención aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puidesen ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa, ou dar lugar á esixencia de responsabilidades contables ou penais, porao en coñecemento do órgano competente, conforme ao determinado polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril. A estes efectos haberá de estar ao desenvolvido pola IGAE ou os órganos de control externo.

En calquera caso, cando ditas posibles infraccións sexan detectadas polo persoal que desenvolva as súas funcións na Intervención, porao previamente en coñecemento do titular da Intervención Xeral, que será o responsable de elevalo ao órgano que corresponda, sen prexuízo das obrigas ás que está sometido calquera empregado público neste aspecto.

#### **Artigo 7.- Facultades do persoal controlador ou órgano interventor.**

O persoal da Intervención xeral poderá facer uso, no exercicio das súas funcións de control, do deber de colaboración, a facultade de solicitar asesoramento, a defensa xurídica e a facultade de revisión dos sistemas informáticos de xestión dacordo co previsto nos parágrafos seguintes:

a) As autoridades, así coma os xefes, xerentes, directores, responsables de Servizos, Organismos Autónomos, e Sociedades Mercantís e quen en xeral, exerza funcións públicas ou desenvolvan o seu traballo no Sector Público Municipal, deberán prestar a debida colaboración e apoio aos encargados da realización do control, facilitando a documentación e información necesaria para o devandito control.

b) Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionar, previo requirimento do persoal da Intervención, toda clase de datos, informes ou antecedentes deducidos directamente das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, con transcendencia para as actuacións de control que desenvolva.

c) A Intervención Xeral municipal, poderá solicitar o asesoramento da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos da Disposición adicional segunda do Real Decreto polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local, sen prexuízo dos convenios de colaboración que se poidan subscribir entre esta última e o Concello de conformidade coa Disposición adicional sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Para iso, será necesario a autorización da Alcaldía ou titular delegado do área de Economía.

d) O Concello deberá garantir e adoptar as medidas necesarias para proporcionar a defensa xurídica e protección que, no seu caso, poidan necesitar os funcionarios que, como consecuencia da súa participación nas actuacións de control interno, sexan obxecto de procedementos e consecuentes citacións ante calquera órgano xurisdiccional. Poderase igualmente asumir polos entes fiscalizados, o custo dun seguro de responsabilidade civil ao titular da Intervención xeral, xefes de servizo e sección da Intervención, e en xeral responsables administrativos dos órganos de control interno.

Aos efectos do establecido no apartado a) deste artigo, a obstrución, negativa, ou falta de subministración da documentación, informes e en xeral datos requeridos pola Intervención no exercicio das súas funcións de control, por parte do persoal dos distintos servizos, entidade e organismos dependentes terá a consideración de falta leve



aos efectos do sinalado no artigo 187.1.g) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, ou grave no caso de ser reiterado, segundo o artigo 186.1.a) da mesma Lei.

iii. Do procedemento xeral do control interno.

#### **Artigo 8.- Procedemento xeral de Control Interno.**

Sen prexuízo dos procedementos específicos que se desenvolven no Título II e III deste Regulamento, o procedemento de control interno levarase a cabo de maneira telemática a través do aplicativo que ao efecto se implante nos entes municipais, no seu caso. Procederese da seguinte forma:

Elaboración do expediente:

- O centro xestor creará o expediente no xestor de expedientes da Entidade cando este deba ser obxecto de control interno pola Intervención xeral, e identificará os documentos que conformarán o mesmo dacordo coa tipoloxía que sexa aprobada.

- Cando, evacuados e anexados os informes, propostas, e/ou xustificantes preceptivos, o responsable do expediente atópeo completo e apto para dítarse o acordo, remitirao á Intervención xeral para que realice a modalidade de control que corresponda en función da natureza do expediente. Cando o devandito expediente requira varios documentos, non se entenderá completo, e por tanto, non deberá remitirse, ata que se incorpore o último deles, segundo a relación de documentos que ha de acompañar ao mesmo, e preferentemente estarán asinados de maneira electrónica. A partir dese momento non se poderá incorporar nova documentación ao expediente, nin modificar a existente, salvo nos supostos que a Intervención devolva o mesmo para a súa aclaración, emenda ou xustificación.

- Sen prexuízo da definición das series documentais dos procedementos do Concello e os seus entes dependentes, enténdese que o expediente está completo e apto para a adopción do acordo, cando estea composto, por:

1. As memorias xustificativas, propostas ou ditames, que permitan conformar a vountade do órgano competente.
2. Informes técnicos, xurídicos ou administrativos que acheguen motivación e seguridade xurídica ao Acordo, no seu caso.
3. Certificación da existencia de crédito, en caso que leve gasto orzamentario.
4. Informe-proposta ou borrador do acto/acordo suxeito a control.
5. En particular e conforme se determine para cada suposto nas series documentais que se aproben polo Concello, canta documentación se establéza como necesaria para conformar o expediente.

Até a definición precisa e detallada de cada serie documental, considérase que o expediente está completo a efectos de control, cando, polo menos, estea composto por todos os documentos ou requisitos declarados como esenciais para a súa fiscalización, dacordo co establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), no Acordo do Consello de Ministros e neste Regulamento.

Os expedientes e os documentos que o integran, deben ser orixinais e estarán asinados de maneira preferente de forma electrónica, ou, estando asinados de forma manuscrita, a inserción no expediente e no aplicativo informático, realizarase por algún medio que permita acreditar que o documento é orixinal.

Remisión do expediente á Intervención xeral

Recibido o expediente, o persoal de control interno disporá dun período de tres días hábiles para precisar o tipo de control que corresponde en función da natureza e obxecto do expediente, ou no seu caso, para a súa devolución ou iniciación do trámite de omisión de fiscalización. Por tanto decidirá neste prazo:

1. A súa devolución; se o expediente carece dalgún documento, informe ou xustificante necesario e preceptivo para proceder ao control pertinente, ou aínda constando, é manifestamente impreciso, inconcluso, equívoco ou confuso, devolverase indicando por escrito a razón ou razóns para a devolución, conforme se determina no Capítulo III do Título II deste Regulamento. Neste suposto, non se iniciará o prazo para a fiscalización ao que se refire o artigo 10 ata que se remita de novo o expediente completo, que volverá ser avaliado polo persoal da Intervención.

No caso de reiteradas devolucions aos servizos pola imprecisión ou confusión dos documentos obrantes nun expediente ou por non conter pronunciamiento expreso sobre dos extremos aos que se refiren as fichas do Anexo I deste regulamento sen que se tivera atendido os requerimentos da Intervención xeral, ésta porao en consideración da Alcaldía a efectos da adopción das medidas oportunas, sen perxuízo da súa posible consideración como actuacións de obstrucción á función interventora e de control.

2. Se o expediente non debe ser obxecto de control interno por non ter incidencia orzamentaria, contable, patrimonial, ou económica, está exento ou mesmo xa foi obxecto de control, igualmente devolverase o expediente ao centro xestor, para que prosiga a súa tramitación.

3. Se procede a fiscalización e o seu réxime; si o expediente é obxecto de función interventora, procederá a realizar a función de fiscalización previa limitada ou a previa plena, segundo determina o artigo 10 e o Anexo I deste Regulamento.

A comprobación dos extremos reflexados nas distintas fichas de procedementos que compoñen o Anexo I non se limitará obrigatoriamente a acreditar a existencia dos extremos sinalados, senón que a Intervención xeral poderá emitir xuízo de valor sobre o fondo dos informes que conformen o expediente, en igual ou distinto sentido, a efectos da emisión do seu parecer fiscal favorable ou desfavorable á tramitación.

Asimesmo, por Resolución da Alcaldía, a proposta da Intervención xeral poderanse engadir fichas de novos procedementos aos que figuran no Anexo I así coma modificar aspectos técnicos dos existentes.

4. Se procede control financeiro; si o expediente debe ser obxecto de control financeiro permanente previo, procederá a executar devandito control.

5. A remisión ao proceso de Omisión de Fiscalización; si o expediente incorpora Resolución/Decreto ou Acordo polo que finaliza o procedemento, ou se deduce claramente que este se produciu, téndose ocasionado por tanto, unha omisión da fiscalización preceptiva, o órgano de control iniciará o procedemento previsto no artigo 26 deste Regulamento.

Transcorrido o período de tres días hábiles ao que se refire o parágrafo primeiro deste apartado sen que se decidira expresamente pola Intervención xeral algunha das opcións anteriores, automaticamente o expediente deberá ser obxecto de fiscalización previa, iniciándose entón os períodos aos que se refire este Regulamento, para realizar a función interventora, e sen prexuízo de que, unha vez no devandito proceso, se decida a súa devolución ou o seu traslado a outra modalidade de control interno

6. Realizado o control interno na modalidade correspondente, dacordo co establecido no artigo 10 deste Regulamento e emitido o informe da Intervención xeral, remitirase o mesmo ao centro xestor, e/ou ao órgano que corresponda, para continuar coa tramitación oportuna do expediente.

Acordo ou Resolución.

O centro xestor, realizado o control pertinente con conformidade, ou tramitada, no seu caso, a disconformidade, inserirá nos correspondentes expedientes a Resolución, certificación do Acordo, Convenio ou Acto que dea lugar á contabilización das operacións que procedan, remitindo o mesmo ao órgano responsable da contabilidade para que valide ou contabilice as operacións que procedan. Igualmente completará o expediente cos trámites posteriores que correspondan, tales como publicacións, alegacións etc.

O centro xestor, poderá unir máis documentación unha vez fiscalizado o acto inicial, podendo ser obxecto de control o mesmo expediente, en diferentes momentos ou fases.

## TÍTULO II.DA FUNCIÓN INTERVENTORA

### a.NORMAS XERAIS DA FUNCIÓN INTERVENTORA

#### **Artigo 9.- Das modalidades da Función Interventora.**

A función interventora, nos termos descritos no artigo 2 deste Regulamento, que se exercerá sobre aqueles actos que teñan repercusión orzamentaria, realizarase nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente. Na intervención material comprobarase a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

O exercicio da Función Interventora, e sen prexuízo do desenvolvemento que se produza ao longo do Regulamento, comprenderá as seguintes fases:

- A fiscalización previa. É a facultade da Intervención de examinar, antes que se dite a correspondente Resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos e valores, co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso. O exercicio da función interventora non atenderá a cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións fiscalizadas.

- A intervención previa do recoñecemento das obrigas. É a facultade da Intervención para comprobar, antes de que se dite a correspondente Resolución, que as obrigas se axustan á lei ou aos negocios xurídicos subscritos pola Entidade onde se exercita o control e que o acreedor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación.

- A intervención formal da ordenación do pago. É a facultade da Intervención para verificar a correcta expedición das ordes de pago contra a Tesouraría da Entidade.

- A intervención material do pago, é a facultade que compete á Intervención para verificar que o devandito pago se dispuxo por órgano competente e realizase en favor do lexítimo perceptor e polo importe establecido.

#### **Artigo 10.- Momento e prazo para o exercicio da función interventora.**

A Intervención xeral recibirá o expediente orixinal e completo, a través do aplicativo que xestione e tramite os expedientes, ou transitoria e excepcionalmente en papel, conforme se determina no Capítulo III do Título II deste Regulamento.

A Intervención, disporá de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte á remisión, para devolver ou determinar a modalidade de control a realizar nos termos e cos efectos referidos no artigo 8 deste Regulamento.

A Intervención xeral fiscalizará o expediente no prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte á data da determinación do tipo de control a realizar sobre o mesmo. Este prazo reducirase a 5 días hábiles computados de igual forma, cando se declarou urxente a tramitación do expediente ou se aplique o réxime especial de fiscalización e intervención previa limitada regulada no artigo 17 deste Regulamento.

Cando a Intervención xeral faga uso da facultade á que se refire o artigo 7.c polo que se solicite axuda a órganos externos, suspenderase o cómputo do prazo previsto neste artigo, e quedará obrigado a dar conta da devandita circunstancia ao xestor.

Para o cumprimento dos prazos, a formación dos expedientes sinalados ou calquera cuestión procedimental non prevista expresamente neste Regulamento, terase en conta a lexislación reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### b. DA INTERVENCIÓN NO PROCESO DE GASTOS E PAGOS.

##### i. Da Fiscalización Previa e Intervención Formal e Material

#### **Artigo 11.- Da Fiscalización Previa de Gastos.**

Previo informe da Intervención xeral e a proposta da Alcaldía, o Pleno acordará conforme se pon de manifesto no presente Regulamento, o réxime de fiscalización e intervención, podendo elixir, para cada tipo de expediente, entre:

- Réxime de Fiscalización/Intervención previa limitada.
- Réxime de Fiscalización/Intervención previa xeral ou plena.

A elección de cada un dos réximes para cada un dos expedientes, concrétase no artigo 17 e no Anexo I.

Sen perxuízo do réxime especial de fiscalización limitada previa regulado na Sección I do Capítulo II do Título II deste Regulamento, no exercicio da fiscalización e intervención previa, comprobarase o cumprimento dos trámites e requisitos establecidos polo ordenamento xurídico mediante o exame dos documentos e informes que integran o expediente, antes da adopción do Acordo que corresponda.

Así pois, están sometidos a Fiscalización Previa, todos os actos que teñan contido económico, financeiro, orzamentario, contable ou patrimonial, os convenios que se subscriban, e calquera outros actos de natureza análoga polos que se autoriza, dispón ou aproba a realización de gastos, e que teñan que ser ditados polos órganos do Concello ou, dos seus Organismos Autónomos, calquera que sexa a súa cualificación.

A fiscalización previa dos expedientes de execución de gastos, levarase a cabo, polo tanto, en cada un dos momentos seguintes:

- Con carácter previo á aprobación do gasto, xunto coa proposta correspondente. (Fase A).
- Con carácter previo á disposición ou compromiso do gasto xunto á proposta correspondente (Fases D e AD).

A fiscalización previa dunha fase, non presuporá a fiscalización favorable das fases anteriores ou posteriores do mesmo expediente, de forma que, no caso que unha fase previa sexa obxecto de reparo que se resolva polo trámite de discrepancia conforme ao contemplado neste Regulamento, dita peculiaridade será referida no informe da Intervención xeral pero non suporá a apertura dun novo procedemento de discrepancia por ese mesmo motivo, xa que a fiscalización se referirá exclusivamente aos requisitos propios da fase fiscalizada, e sen prexuízo que da devandita análise se desprenda outro reparo diferente.

#### **Artigo 12.- Exención de fiscalización previa.**

Non estarán sometidos á fiscalización previa prevista no artigo 11 do Regulamento:

- Os gastos de material non inventariable e os contratos menores articulados mediante propostas de gasto.
- Os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.
- Os gastos menores de 3.005,06 euros que, dacordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

Sen prexuízo das peculiaridades que se establezan regulamentariamente para os anticipos de caixa fixa, contratos menores ou outros supostos, o control interno destes gastos, realizarase mediante control financeiro, nos termos sinalados no Capítulo II do Título III deste Regulamento.

Os expedientes anteriores estarán suxeitos a intervención previa.

#### **Artigo 13.- Da comprobación material do investimento.**

Antes da Intervención previa do Recoñecemento da Obriga, verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións e a súa adecuación ao correspondente contrato.

Realizarase pola Intervención xeral aínda que cando sexa necesario poa especialidade técnica da comprobación, poderá contar con asesoramento especializado de técnico municipal ou mesmo efectuar delegación neste último.

En calquera caso, procederase da seguinte maneira:

- Os órganos xestores deberán comunicar á Intervención xeral, que se vai a proceder á comprobación material do investimento, para a súa asistencia á mesma, cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate, cando o importe desta sexa igual ou superior ao importe que regule, no seu caso, a lexislación sobre contratos, e en todo caso, cando superen os 50.000,00 euros, con exclusión do IVE.

- Quedará á marxe da obriga de intervención da comprobación material, as prestacións derivadas doutros negocios xurídicos e aquelas nas que pola súa natureza non sexa posible a verificación material porque o obxecto non é unha realidade física, tanxible e susceptible de constatación material.

- A intervención da comprobación material realizarase por concorrencia dun funcionario/a da Intervención xeral ou actuando no seu nome a persoa en quen delegue ao acto de recepción da obra, servizo ou adquisición de que se trate.

Dita delegación poderá realizarse polo Interventor xeral de maneira xenérica en persoal que considere apto para a realización de devandita función ou con carácter específico para cada comprobación. En calquera caso, a asistencia do responsable de control interno, poderase realizar sen necesidade de avocar a delegación realizada ao efecto.

Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, a Intervención xeral poderá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución das obras, a prestación de servizos e fabricación de bens adquiridos mediante contratos de subministracións e sen prexuízo das consideracións respecto diso que puidesen desprenderse da lexislación sobre contratos públicos.

- O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta que será subscripta por todos os que concorran ao acto de recepción da obra, servizo ou adquisición, e na que se farán constar, no seu caso, as deficiencias apreciadas, as medidas a adoptar para emendalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción.

Na devandita acta ou en informe ampliatorio poderán os concorrentes, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que estimen pertinentes.

- Nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, e non se acorde pola Intervención xeral en uso das facultades que ao mesmo se lle recoñecen, a comprobación do investimento xustificárase coa acta de conformidade asinada por quen participaron na mesma ou cunha certificación expedida polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se sinalará expresamente terse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou terse executado a obra ou servizo con arreglo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

- A realización da intervención material, sen prexuízo das Instrucións ou desenvolvementos normativos que aclaren devandito extremo e que sexan emitidas polo órgano competente, poderá realizarse sobre unha mostra dos investimentos que requiran a mesma, determinándose os criterios no Plan Anual de Control Financeiro ou nos Programas de Traxectoria de desenvolvemento e sen prexuízo de que a Intervención xeral poida en calquera investimento acudir á citada intervención.

As delegacións da Intervención xeral ás que se refire este artigo, realizaranse por escrito, debendo ser comunicada ao órgano xestor antes da mesma.

- A Intervención Xeral poderá ditar instrucións de desenvolvemento sobre o exercicio da función interventora no ámbito da comprobación material.

#### **Artigo 14.-Da Intervención previa do Recoñecemento da Obriga.**

Están sometidos a Intervención Previa as liquidacións de gastos ou recoñecemento de obrigas (con carácter previo ao acordo de recoñecemento da obriga; fases O e/ou ADO e ordes previas ao pago non orzamentario), xa teñan a súa orixe na lei ou en negocios xurídicos válidamente celebrados.

A Intervención xeral coñecerá o expediente con carácter previo ao acordo de liquidación do gasto ou recoñecemento da obriga.

Neste momento, deberá quedar documentalmente acreditado que se cumpren todos os requisitos necesarios para o recoñecemento da obriga ou a liquidación do gasto, entre os que se atopará, no seu caso, a acreditación da realización da prestación ou o dereito do acreedor de conformidade cos acordos que autorizaron e comprometeron o gasto así como o resultado favorable da comprobación material do investimento, se procede.

Con carácter xeral, comprobarase:

- Que as obrigas responden a gastos previamente aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obriga se realicen simultaneamente.

No entanto, no suposto en que as fases anteriores ao recoñecemento da obriga, fosen obxecto de reparo, e este se resolvera no trámite ao que se refire o artigo 24 deste Regulamento, dita consideración será reflectida no

informe da Intervención xeral pero non provocará por si mesmo, o reparo na fase de recoñecemento, que unicamente procederá nos supostos nos que os aspectos específicos de devandita fase sexan incorrectos.

- Que os documentos xustificativos da obriga axústanse ás disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación, e no caso das facturas, que se rexistraron polo Rexistro Xeral de Facturas do Concello con arreglo ao Regulamento Interno que o regule.

En todo caso, na documentación deberá constar:

- Identificación do acreedor.
- Importe exacto da obriga.
- As prestacións, servizos ou outras causas das que derive a obriga do pago.
- Que se comprobou materialmente, cando cumpra, a efectiva e conforme realización da obra, servizo, subministración ou gasto, e que foi realizada no seu caso dita comprobación. Da mesma maneira, en todos os contratos de obras e subministracións, será necesario acompañar acta de recepción, ou documento equivalente.

A intervención favorable poderase realizar mediante dilixencia asinada, sen necesidade de motivala, cando, do resultado da verificación do expediente, se desprenda o seu axuste á legalidade, ou, noutro caso, mediante emisión de informe específico nos supostos que se contemple algún requisito esencial diferente aos recolleidos con carácter xeral, segundo se determina no Anexo I do Regulamento.

#### **Artigo 15.- Da Intervención formal e Intervención material do pago, obxecto e contido.**

Os documentos presentados haberán de ser validados e selados pola empresa municipal xestora do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto. Os documentos serán orixinais e, se se presentan fotocopias, deberán de ser compulsadas pola empresa xestora, de conformidade có que se estableza nas bases de execución do presuposto.

b) Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas: Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas e o acordo efectivo da subvención.

c) Certificado final de obra asinado polo/a técnico competente, no caso de execución de obras maiores

2) O persoal técnico da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), á vista da documentación, emitirán un informe proposta de cualificación definitiva que trasladarán ao IGVS e conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará. Este informe deberá estar conformado por un/unha técnico municipal.

7. Se procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

No suposto de informe desfavorable, procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor do interesado por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, segundo artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o dito prazo procederase á Resolución definitiva que corresponda tralo informe do/a técnico competente na materia.

8. Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

#### **Artigo 14.- Pagamento das subvencións.**

Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta definitiva de resolución. O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán chegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do da persoa beneficiaria, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva administración de estar ao corrente dos pagamentos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- c) Declaración responsable de que a persoa beneficiaria non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Seguidamente, procederase ó pagamento da axuda concedida, tras a presentación por parte da persoa beneficiaria dunha declaración complementaria da relación de subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas, así como por algunha das súas entidades, nacionais ou estranxeiras para o mesmo fin ou, se é o caso, a declaración de que non obtivo outras subvencións para a mesma finalidade, todo isto en cumprimento da base 18ª de execución do Presuposto Xeral do Concello de Lugo.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no artigo 6 das bases correspondentes a esta convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Unha vez resolto definitivamente o procedemento, publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Excmo Concello de Lugo, a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### Artigo 15.- Crédito orzamentario

As contías máximas das achegas, segundo figura no convenio, son as seguintes:

ARRU	Nº actuacións	ACHEGA FOMENTO	ACHEGA XUNTA
CASCO HISTÓRICO	20	153.584,45 €	80.000,00 €

#### Artigo 16.- Denegación, revogación e reintegro das subvencións.

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo o artigo décimo sexto da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Consonte ó disposto no artigo décimo sétimo da Resolución do IGVS do 3 e agosto de 2018, será causa de DENEGACIÓN o incumprimento dos requisitos esixidos no antedito Decreto, nas presentes bases e no resto de normativa que resulte de aplicación. Engadindo dito artigo que serán DENEGADAS aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentario no momento da súa resolución. O criterio que, de ser o caso se utilizará para os efectos de determinar respecto a que expediente se esgota o crédito será o previsto no artigo décimo quinto apartado 3 do citado Decreto.

Consonte o artigo Vixésimo primeiro, da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, serán causa de perda e reintegro da súbvención ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as seguintes:

1.- O incumprimento das obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño así como das obrigas cuxo cumprimento se exige á persoas ou entidades beneficiarias na presentes bases nos artigos 9 e 10, e o incumprimento de calquera obriga que se derive das presentes bases.

2. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, suporá, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

3. En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

5. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos artigos 2 e 7 da convocatoria, as seguintes:

- a) Incurrir en falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención.
- b) Cometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polo persoal técnico de EVISLUSA.
- e) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos de EVISLUSA.
- f) Calquera outra infracción que dispoña a normativa vixente..

4. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 17.- Tratamento de datos de carácter persoal

Conforme co artigo trixésimo da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 e oitavo da Resolución do IGVS do 31 de maio de 2019, os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### **Artigo 18.- Normativa de Aplicación**

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021.
- Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (publicada no DOG 156, do venres 17 de agosto de 2018), e a Resolución do IGVS de 31 de maio de 2019 polo que se modifica o anterior (DOG 108 do luns 10 de xuño de 2019)

Ademais será de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Os convenios subscritos entre o Concello de Lugo, o Ministerio de Fomento e o IGVS relativos ás ARIS obxecto desta convocatoria.
- Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación.

**Disposición Derrogatoria.-** Quedan derogadas expresamente as bases aprobadas en anteriores exercizos.

**Disposición Transitoria.-** Os expedientes iniciados en anteriores convocatorias, ó abeiro das correspondentes bases aprobadas polo Concello de Lugo, seguirán rexéndose por elas ata a súa finalización.

**Disposición derradeira.-** Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial Da Provincia por conduto da Base de datos nacional de subvencións, consonte ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tras a tramitación regulamentariamente establecida.

 <h1 style="margin: 0;">Concello de Lugo</h1>	
<b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO</b>	<b>MODELO 281</b>

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

PROMOTOR/PROMOTORA		CIF/DNI/NIE	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

**ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:

**EXPÓN** Que, en calidade de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ (propietario/a, inquilino/a, etc.) (edificio/vivenda(s))

sito(s) no recinto histórico de LUGO, na rúa \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_, andar \_\_\_\_\_, letra \_\_\_\_\_ ref. catastral \_\_\_\_\_, desexa acollerse ós beneficios que abaixo se indican para as actuacións de rehabilitación que a seguir se citan, ó abeiro do establecido no R.D. 106/2018, de 9 de marzo, do Ministerio de Fomento e na Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo do 3 de agosto de 2018 modificada pola resolución 21 de maio de 2019, polo que **SOLICITA:**

Acollerse á “Convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Lugo - Fase XV.

**EXCMA SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

<b>ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES</b>
<p style="text-align: center;">Modalidades</p> <p><input type="checkbox"/> Melloras da eficiencia enerxética</p> <p><input type="checkbox"/> Conservación, adecuación, seguridade de suo e accesibilidade . Artigo 43 RF.106/18</p> <p><input type="checkbox"/> Mantemento e intervencións nas vivendas e edificios; Inst.fixas equip.propio e elem. comúns. Artigo 51.1A) RD.106/18</p>
<p><input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DUNHA SOA VIVENDA</p> <p><input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN EN ELEMENTOS COMÚNS DUN EDIFICIO DE VARIAS VIVENDAS</p> <p><input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN NO INTERIOR DA VIVENDA</p>
<p><b>AUTORIZACIÓNS:</b></p> <p>1. Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas.</p> <p>2. Autorízolle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A para:</p> <p style="padding-left: 20px;">a) Que en calquera momento do expediente e ata o remate do mesmo poida solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a certificación expedida pola Tesouraría Municipal que acredite de atoparse ao día nas súas obrigas co Concello. Así mesmo, as certificacións que en relación á vivenda emita a Dirección Xeral do Catastro.</p> <p style="padding-left: 20px;">b) Á consulta dos datos de empadramento tanto do solicitante como das persoas da unidade de convivencia que residan na vivenda.</p> <p style="padding-left: 20px;">c) A comprobar e verificar os datos e informacións declaradas que as bases reguladoras requiran aportar e recabar certificacións da Dirección Xeral do Catastro</p>

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Sinatura do/da solicitante



**ANEXO I) DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA****DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

PROXECTO TÉCNICO

MEMORIA QUE CONTEÑA CANDO MENOS:

A) DESCRICIÓN DO TIPO DE ACTUACIÓN QUE SE VAI LEVAR A CABO

B) ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DETALLADO POR UNIDADES DE OBRA (medición e prezo) ASINADO POLO CONTRATISTA, PROMOTOR E POLO TÉCNICO COMPETENTE, CANDO CORRESPONDA

C) PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS OU, DE SER OCASO, SOMETERSE AO RÉXIME DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE COMUNICACIÓN PREVIA, ASÍ COMO DISPOÑER DE TODAS AS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS PRECEPTIVAS.

**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:**

Documentación a aportar por cada propietario representante dunha vivenda

COPIA DO DNI/NIF (SE É O CASO, DE TODOS OS PROPIETARIOS)

DOCUMENTO QUE ACREDITE A TITULARIDADE DAS VIVENDAS OU CONTRATO DE ARRENDAMENTO, DE SER O CASO.

NO CASO DE EXISTIR MAIS DUN PROPIETARIO, AUTORIZACIÓN DELES A UN DOS PROPIETARIOS PARA A XESTIÓN, TRAMITACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN.

CERTIFICACIÓNS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS; ATRIGA, SEGURIDAD SOCIAL E AXENCIA ESTATAL.

NO CASO DE ACOLLERSE Á CONTÍA AUTONÓMICA POR VIVENDA HABITUAL E PERMANENTE, DECLARACIÓN XURADA DE QUE A VIVENDA VAI A DESTINARSE A ALUGUEIRO OU VIVENDA HABITUAL (**ANEXO IV**)

No caso de persoas xurídicas ademais deben presentar:

COPIA DO CIF DA PERSOA XURÍDICA

ORIXINAL OU COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE

DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE

COPIA DO DNI DO REPRESENTANTE

COPIA DO TÍTULO DE ADQUISICIÓN QUE ACREDITE A PROPIEDAD.

No caso de actuacións en elementos comúns en edificio de varias vivendas:

COPIA DO ACORDO DA REUNIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN COA RELACIÓN DAS VIVENDAS DO EDIFICIO.

DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS E RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE (**ANEXO II**)

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓN A SOLICITAR AO CONCELLO CERTIFICADO DE EMPAODRAMENTO (**ANEXO III**)

**ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO**

**A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA**

D/D <sup>a</sup>		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN**

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

**DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:**

1- Solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

**SI** (\*)

**NON**

(\*) ata o día de hoxe, solicitei/recibín outra subvención (**indicar procedencia e contía**) por parte de:

-----  
-----

2 - Estou ó corrente das miñas obrigas fiscais có Excmo. Concello de Lugo.

3- Estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia

4 - Estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Administración Estatal e fronte á Seguridade Social.

5- Non me atopo inhabilitado/a nin estou incurso en ningunha das causas de prohibición indicadas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario da subvención.

Lugo,        de        de 201\_

Asdo.:-----

(DNI, sinatura)

**EXCMA SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

## ANEXO III

## MODELO DE DECLARACIÓN XURADA (continuación) PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO

## A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA

D/D <sup>a</sup>		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRA		

## DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

<p>O destino da vivenda arriba indicada para a que se solicitan axudas de rehabilitación será</p> <p><input type="checkbox"/> ó alugamento, durante un prazo mínimo de 5 anos desde o remate das obras.</p> <p><input type="checkbox"/> noso domicilio habitual e permanente, durante un prazo mínimo de 5 anos desde o remate das obras.</p>
---

Lugo, de de 201\_

Asdo.:\_\_\_\_\_

(DNI, sinatura)

**ANEXO III bis DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO**

Declaro que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito. Asimesmo autorizo a EVISLUSA a solicitar do Concello de Lugo o certificado de empadramento.

SOLICITANTE OU PARENTESCO	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (1)	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL (2)	PERSOA CON DISCAPACIDADE (3)

A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os fillos menores que con el ou ela convivan, así como os fillos maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

(1) Os compoñentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios deberán presentar a fotocopia do DNI/NIF. (2) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente). PF (parella de feito legalmente recoñecida) (3) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.º da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.

## ANEXO IV

## MODELO DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISO DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

## NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO

## A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA

D/Dª		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

Manifesto/manifestamos a **aceptación da subvención**, por importe de \_\_\_\_\_ € (euros) e comprometome/comprometémonos a **realizar as obras no prazo establecido**, conforme ás unidades de obra que constan no presuposto obxecto da cualificación provisional, así como coa licenza de obra concedida para o edificio arriba indicado.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 27.2.6) da Ordenanza xeral municipal de concesión de subvencións, e antes de proceder á proposta da resolución, achego **CERTIFICACIÓNS**, conforme me atopo ó corrente do cumprimento das miñas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social, expedidas pola Delegación de Facenda, Delegación de Hacienda, Da Tesourería municipal e da Tesourería Territorial da Seguridade Social

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

(DNI, sinatura)

EXCMA SRA . ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

## ANEXO V

## COMUNICACIÓN DE FINAL DE OBRAS SUBVENCIONADAS EN ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PERSONA PROMOTOR/A		CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## en representación súa:

APELIDOS	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**EXPÓN:**

Que, en calidade de\_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_

(persoa propietaria, persoa arrendataria etc.) (edificio/vivenda(s))

sito(s) no recinto histórico de LUGO, na rúa \_\_\_\_\_, núm.\_\_\_\_\_, andar\_\_\_\_\_, letra\_\_\_\_, ref.catastral\_\_\_\_\_

**COMUNICO o remate das obras subvencionadas** das actuacións de rehabilitación, ó abeiro do establecido R.D. 2066/2008, do 12 de decembro, do Ministerio de Vivienda e no D. 402/2009, do 22 de outubro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que,

**SOLICITA:**

Que lle sexa expedida a correspondente cualificación definitiva e o pago da subvención.

Lugo,\_\_\_\_\_de\_\_\_\_\_ \_\_\_ de 201\_

Sinatura da persoa solicitante

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ANEXO V**

- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE. **(ANEXO VI)**
- DECLARACIÓN DE QUE A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN OBXECTO DA SUBVENCIÓN SE REALIZOU SEGUNDO A MEMORIA/PROXECTO PRESENTADO. **(ANEXO VI)**.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DA CONTA Ó SEU NOME.
- CERTIFICADOS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS FISCAIS CO CONCELLO DE LUGO, DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL E DE ESTAR Ó CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E DO ESTADO.
- FACTURAS POLO IMPORTE DAS OBRAS, QUE DEBERÁN DE COINCIDIR CO DETALLADO POR UNIDADE DE OBRA (CON MEDICIÓN E PREZO) DO ORZAMENTO DO PRESUPOSTO PROTEXIBLE.
- DOCUMENTOS BANCARIOS ACREDITATIVOS DO PAGAMENTO DAS FACTURAS. NON SE ADMITIRÁN PAGOS EN EFECTIVO, NIN SE ADMITIRÁN COMO XUSTIFICANTES OS OBTIVOS A TRAVÉS DA REDE DE INTERNET, SE NON ESTÁN VALIDADOS POLA ENTIDADE BANCARIA OU NON DISPOÑEN DE CÓDIGOS DE VERIFICACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA DITA ENTIDADE BANCARIA.
- LICENZA DE OBRAS.
- CERTIFICADO FINAL DE OBRA ASINADO POR TÉCNICO COMPETENTE NO CASO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MAIORES.
- CERTIFICADO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS, ELÉCTRICAS OU DA POSTA EN MARCHA DE ASCENSOR TRAMITADO ANTE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
- CERTIFICADO DE INGRESOS DO IRPF DE TODA A UNIDADE FAMILIAR OU CERTIFICADO CORRESPONDENTE DELEGACIÓN OU ADMINISTRACIÓN DE FACENDA DE NON TER OBRIGA DE PRESENTALA A DATA DE PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OBRAS.
-

## ANEXO VI

## MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

## A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA

D/D <sup>a</sup>		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE CONCEDEU SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

**DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:**

1- Recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI (\*)  
 NON

(\*)Ata o día de hoxe , recibín outra subvención (**indicar procedencia e contía**) por parte de:

-----  
 -----  
 -----

2- A realización da actuación obxecto de subvención efectuouse nos termos establecidos na memoria/proxecto presentado.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

(DNI, sinatura)

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO



**SEGUNDO.- CONVOCAR O PROGRAMA DE SUBVENCIONS** para a 15ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2018, no réxime de concorrencia competitiva previsto na lexislación aplicable e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencions do Concello de Lugo.

**TERCEIRO.- APROBAR O GASTO** de 233.584,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 15220.61900, RC: 55026/2019 e con código de proxecto 19XX00002, do vixente orzamento municipal en orde a facer fronte aos compromisos económicos que o Concello adquire coa presente convocatoria de subvencions para levar a cabo rehabilitacións dentro da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2018 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018, relativa á Area de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Histórico de Lugo, 15ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de vivenda, 2018-2021 Fase XV de Rehabilitación do Recinto Histórico de Lugo.

**CUARTO.- PUBLICAR** o correspondente **ANUNCIO de EXPOSICIÓN PÚBLICA das BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS** para a 15ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2018 que se aproban, **no Boletín Oficial da Provincia**, así como o **EXTRACTO da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS)** nos termos previstos no artigo 17.3b), 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones. Asimesmo publicaráse tanto a convocatoria como as bases citadas no taboleiro de edictos da Excmo Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Contra este acordo, que agota a vía administrativa pódese interpor con carácter postestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou, dacordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. O prazo para interpor o recurso é dun mes, a contar dende o día seguinte á presente publicación, non podendo, neste caso interpor recurso contencioso administrativo ata que se teña resolto o de reposición.

O recurso de reposición potestativo terásese que presentar no Rexistro Xeral deste Concello ou nas dependencias ás que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e se entenderá desestimado cando non se resolva e se notifique a resolución, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte e á súa interposición, quedando neste caso expedita a vía contenciosa-administrativa.

Se non se utiliza o recurso de reposición, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo, conforme ó establecido no artigo mencionado, e ós artigos 45 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da presente publicación.

Todo elo sen prexuízo de calquer outro recurso ou acción que se estime pertinente.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 5 de decembro de 2019.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO SOSTIBLE, Miguel Couto Alonso.

R. 3724

## MONDOÑEDO

### Anuncio

**O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada en data 29 de novembro de 2019 adoptou o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe íntegramente:**

**Primeiro.-** Ampliar o prazo de execución das actuacións subvencionadas ao abeiro das subvencions para pinturas de fachadas de edificacións situadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, e publicadas no BOP nº 189 de data 19/08/2019 (1ª convocatoria) e no BOP nº 257 de data 09/11/2019, e polo tanto modificar as mesmas de xeito que quedan redatadas nos seguintes termos:

“

#### 9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

(...)

d) Comunicar o Concello de Mondoñedo a finalización das obras sempre antes do 11 de decembro de 2019.

(...)”

“

## 10. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

(...)

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de aprobación da axuda, en ningún caso poderá ser posterior o 10 de decembro de 2019.”

**Segundo.-** O resto das bases reguladoras non modificadas manterán o mesmo contido.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta modificación a través do Boletín Oficial da Provincia de Lugo e do taboleiro de anuncios da sede electrónica.”

Mondoñedo, 5 de decembro de 2019.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 3713

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente por o Pleno da Corporación o Orzamento Xeral para o Exercicio económico de 2.020, as bases de execución a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse o público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Portomarín, 4 de decembro de 2019.-O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 3708

## XOVE

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía nº 2019 – 0796 de data 02 de decembro de 2019, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó segundo trimestre de 2019.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico – administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

### **PERÍODO DE COBRO**

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 03 de decembro de 2019 ata 02 de febreiro de 2020.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 2 de decembro de 2019.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3709

## ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA JUZGADO DO SOCIAL N.º 1 ÁVILA

### *Anuncio*

D/Dª MARIA JESUS MARTÍN CHICO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de AVILA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000289 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª JULIO BLAZQUEZ SAN ROMAN contra la empresa SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

### FALLO

Que estimando como estimo la demanda formulada por la parte actora, DON JULIO BLÁZQUEZ SAN ROMÁN, contra la parte demandada, la empresa SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL, sobre reclamación de cantidad, debo condenar y condeno a ésta a que abone a la primera la cantidad de 4.299,45 Euros.

Contra esta Sentencia cabe Recurso de Suplicación, que deberá anunciarse dentro de los cinco días siguientes a la notificación, por comparecencia o por escrito de las partes, su abogado o representante, designando el Letrado que habrá de interponerlo. Siendo posible el anuncio por la mera

**Código Seguro de Verificación E04799402-MI:4yaj-zziy-T98R-96DY-P Puede verificar este documento en <https://www.administraciondejusticia.gob.es>**

manifestación de aquellos al ser notificados. La empresa deberá al mismo tiempo acreditar haber consignado el importe de la condena en la cuenta de este Juzgado, abierta en el Banco Santander, denominada "Depósitos y Consignaciones", Nº 0293, pudiendo sustituirse por aseguramiento mediante aval bancario, constando la responsabilidad solidaria del avalista; más otra cantidad de 300 Euros en la misma cuenta y en impreso separado del importe de la condena.

Así por esta mi Sentencia, juzgando, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

ÁVILA, a veintinueve de noviembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3710

## JUZGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

### *Anuncio*

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL contra VICTOR JOSE MUIÑO LEMA, SONIA RODRIGUEZ VALIÑA , YOLANDA BASTOS TRIGO , ROI MOURENTE CEIDE , MONTSERRAT VAZQUEZ JANEIRO , NOVAFRIGSA SA , GHIO MAR QUIÑO A ALONSO , SERVICARNE SOCIEDAD COOPERATIVA , ADRIAN NEIRA MALLO , SANDRA CASTRO VILABOA , ROSA ARES PRADO y otros, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº P.OFICIO AUTORIDAD LABORAL 0000910 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a FERNANDO ALVAREZ LIZ, MARIA DEL MAR AMORIN VILARES, PABLO CRUZ RODRIGUEZ, JONATHAN JORDAN ALCAIDE, JOSE CARLOS LOPEZ FARIÑAS, JAVIER MOSQUERA BRAN, JAVIER PEREZ PRADO, GREGORIO RAMOS REDONDO y MIGUEL ANGEL SALGADO ABUIN.

, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **16/12/2019 a las 09:30 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a FERNANDO ALVAREZ LIZ, MARIA DEL MAR AMORIN VILARES, PABLO CRUZ RODRIGUEZ, JONATHAN JORDAN ALCAIDE, JOSE CARLOS LOPEZ FARIÑAS, JAVIER MOSQUERA BRAN, JAVIER PEREZ PRADO, GREGORIO RAMOS REDONDO y MIGUEL ANGEL SALGADO ABUIN, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, dos de diciembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3711

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

#### *Anuncio*

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A REXENERACION E RENOVACION URBANA NO AREA DE REHABILITACION DO CASCO HISTORICO DE LUGO- FASE 15.

BDNS 485353:

De conformidade co previsto nos Arts 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA das subvencións sinaladas e aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada con data do catro de decembro de dous mil dezanove (4/12/19). O seu texto integro podese consultar na WEB da BDNS e do CONCELLO DE LUGO.

Primeiro.- Obxeto e Finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico de Lugo con cargo ao convenio aprobado por Decreto da Alcaldesa nº 19005692 do 03/07/2019 e suscrito polo Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Lugo para tal obxecto, no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo Terceiro da Resolución do 3 de agosto de 2018 do IGVS.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte os criterios de selección dispostos no artigo 3 da convocatoria.

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través das presentes bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou ó aluguer.

Os edificio obxecto da rehabilitación terán división horizontal e cada unha das vivendas a súa referencia catastral.

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Segundo : Personas Beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral das Áreas de rexeneración e renovación urbana das Áreas de rehabilitación integral delimitadas pola actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos nos artigos 7.2 e 50 do Real Decreto 106/2018.

Non poderán obter financiamento as persoas beneficiarias incluídos no programa da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización

e de accesibilidade a vivendas, do programa de Fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento, ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, [ver 6.4 da resolución do 3 agosto] ou fosen suxeitos dunha revogación dalgunha das axudas contempladas neste plan ou en anteriores plans estatais de vivenda por causas imputables ao solicitante.

Non poderán obter a condición de beneficiarias os promotores que houberan percibido axudas para actuacións privativas ás que se refire o artigo 2, nos 4 últimos anos a partir da data de concesión da cualificación definitiva. Sen embargo si poderán solicitar axudas, cando se trate de actuacións que afecten aos elementos comúns do edificio no que sexan titulares dunha vivenda.

Un mesmo promotor sexa persoa física ou xurídica só poderán ser beneficiario/a destas axudas nesta convocatoria por un máximo de unha actuacións (vivendas), excepto que sexa para elementos comunitarios, caso no cal non se lle aplicará dita limitación.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora.

#### Terceiro.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta Convocatoria, foron aprobadas con data do 4 de decembro de 2019, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo (Acordo 8/774), atópanse publicadas no presente Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### Cuarto.- Credito Orzamentario

O orzamento establece a contía máxima para a concesión das presentes subvencións, en 233.584,45 euros, sendo 153.584,45 € a aportación que corresponde ó Ministerio de Fomento e 80.000 € a aportación da xunta de Galicia, existindo conforme certificación da Tesoureira Municipal de data do 14 de maio de 2019 de que existe RC ref 55026/2019, por dito importe na aplicación orzamentaria denominada Conservación e Rehabilitación da edificación 15220.78900, con código de proxecto 19XX00001-15ª FASE CASCO HISTORICO LUGO ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN.

#### Quinto.- Contía

A contía máxima das axudas como regra xeral, non excederá do 40% do custo subvencionable da actuación (sen IVE). Excepcionalmente esta porcentaxe máxima se ampliará ó 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co RD 106/2018.

#### Axuda estatal:

A contía máxima da subvención calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidos a continuación:

a) Para obras de rehabilitación que acaden os obxectivos de redución da demanda enerxética establecidos no artigo 36 do RD 106/2018 que obteñan unha redución da demanda de polo menos o 25%:

- Doce mil euros por vivenda (12.000,00 €/vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios de vivendas con locais, incrementarase esta contía en cento vinte euros por cada metro cadrado (120,00 €/m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

O límite da axuda básica unitaria incrementarase nos edificios e vivendas catalogadas polo PEPRI en mil euros por vivenda (1.000,00 €/vivenda) e dez euros por cada metro cadrado (10,00 €/m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

b) Para as demais obras subvencionables en edificios e vivendas:

- Oito mil euros por vivenda (8.000,00 €/vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios de vivendas con locais, incrementarase esta contía en cento vinte euros por cada metro cadrado (120,00 €/m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

- O límite da axuda básica unitaria incrementarase nos edificios e vivendas catalogadas polo PEPRI en mil euros por vivenda (1.000,00 €/vivenda) e dez euros por cada metro cadrado (10,00 €/m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

#### Axuda autonómica:

No caso de que se cumpran os requisitos do apartado b) do artigo 9 desta convocatoria para as axudas autonómicas, se establece a seguinte contía adicional

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 €/vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.”

Sexto. Forma e Prazo de presentación

As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentarase en instancia normalizada (ANEXO I) no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de serlle requirida documentación para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude, a mesma presentarase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

O prazo de presentación de solicitudes será DUN MES contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de datos nacional de subvenciones.

Setimo.- Prazo de execución das Obras

Unha vez concedida a subvención o beneficiario da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) o manifesto de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material que foi obxecto da cualificación provisional, así como o compromiso de sufragar e colocar o cartel exterior, coa imaxe corporativa do plan de vivenda, do Ministerio de Vivienda, da Xunta de Galicia (IGVS) e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras. (ANEXO IV).

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de novembro de 2021.

Lugo, 5 de decembro de 2019.- Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible, Miguel Couto Alonso.

R. 3722